



O NADAL



XXI

**certame
de
xornalismo**

**certame
de
poesía**



XXI CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL

Patrocina:



Consellería de Cultura
e Comunicación Social

DEBUXO LOGOTIPO:
XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:
XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:
XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»
DEP. LEGAL LU 470 – 1997

XXI CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

Patrocina:



A U L A D E C U L T U R A

*A publicación dos traballos premiados é posible
pola colaboración da Dirección Xeral de Política
Lingüística, da Consellería de Educación e Orde-
nación Universitaria, da Xunta de Galicia.*

ARREDOR DO NADAL

25 anos; un cuarto de século. Para o decurso da historia dun pobo, é moi pouco tempo. Para unha persoa ou grupo de persoas –para a obra destas persoas– é moito tempo, e é ocasión digna de ser celebrada.


Para o pobo de Begonte, para a súa historia moderna, 25 anos no son nada ou son moi pouco. Pero para unha idea que xurdiu na mente de meu irmán, e da que contactiou a un grupo de persoas cada vez máis numeroso; para tanta ilusión e tanto traballo, é moito tempo e compre subliñalo.

“Parece que foi onte”, dise sempre por parte dos que temos xa idade para lembrar ó lonxe. Pois parece que foi onte cando empezou esta tarefa do Nadal en Begonte, e xa podemos ollar aquel tempo desde a distancia, con admiración polo traballo desenvolvido, con lebranza garimosa para os que se foron pero seguen a acompañarnos e inspirarnos; con ilusión no futuro sabendo que os primeiros vinte e cinco anos son só un comezo e queda por diante moita máis tarefa por facer.

Estamos, de novo, metidos de cheo nesta tarefa; nunha edición do Belén Electrónico que fai a número 26, na que de novo Begonte vai se-la capital do Nadal galego. E desde Begonte facemos unha chamada para que todos –connosco– compartades a nosa leducia polos primeiros vinte e cinco anos cumpridos; para que participedes na profesión de fe que o noso Belén supón, e teñades na Casa do Belén unha segunda casa, á que acudir na procura de algo especial.

Como lembranza para a historia desta 26ª edición do Belén queda este libriño que recolle os traballos premiados na 21ª edición dos nosos Certames de Narración e Poesía. Que sirva tamén como invitación a participar nas nosas actividades.

Cando cumprimos 25 anos, desde Begonte, grazas a todos. E que saibades que as portas do Belén de Begonte están abertas sempre para todos vós.



Xesús Domínguez Guizán
Presidente do Centro Cultural de Begonte



POESÍA

XXI CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural «José Domínguez Guizán» de Begonte –entidade que promove o Belén Electrónico– co patrocinio de CAIXA GALICIA, co gallo do Nadal 1996, ven de convoca-lo «XXI CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL», que se vai rexir polas seguintes BASES:

- 1.–Poden participar tódolos poetas que o desexen, con textos en galego ou castelán.
 - 2.–O tema dos traballos ha se-lo de O NADAL, desde calquera punto de vista.
 - 3.–Hanse valora-los textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
 - 4.–É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
 - 5.–Hanse concede-los seguintes premios:
 - PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 100.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.
 - SEGUNDO PREMIO, dotado con 50.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.
 - 6.–A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro de mil novecentos noventa e sete.
 - 7.–Tódolos traballos han ser presentados con plica, facendo constar nela os datos persoais do autor.
- BEGONTE (Lugo), nadal de 1996

BASES

FALLO DO XURADO DO XXI CERTAME DE
POESÍA "BEGONTE E O NADAL"



O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXI CERTAME DE POESÍA "BEGONTE E O NADAL", formado por:

D. XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO

D. FRANCISCO MARTÍN IGLESIAS (Paco Martín)

D. RAMÓN SOILÁN PENAS (En representación da entidade patrocinadora)

D. XULIO XIZ RAMIL (En representación da entidade convocante, que actúa como secretario) acorda emiti-lo seguinte fallo:

– PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 100.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos. Concédese ó poema *MENIÑO DE MÁIS LUZ*, de MARIA GORETTI FARIÑA CAAMAÑO, de Vilagarcía de Arousa.

– SEGUNDO PREMIO, dotado con 50.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos, concédese a *LA CARTA IMPOSIBLE*, de José Luís Martín Cea, de Valladolid.

O SECRETARIO DO XURADO

Xulio Xiz Ramil

**FALLO
DO
XURADO**



M^a GORETTI FARIÑA CAAMAÑO

Baión, Vilanova, 1964. Reside en Vigo. Licenciada en Bioloxía, é profesora de Medio Ambiente.

Leva obtida unha media ducia de premios literarios como o da Rota Xacobeá do Mar de Arousa, de poesía (1996), o do Concello de Vilalba, de narrativa (1996), ou os dos Concellos de Marín e Mos, tamén en poesía, (1997).

Con “Meniño de máis luz” -tercetos encadeados- participou por vez primeira no Concurso de Poesía do Nadal de Begonte.

MENIÑO DE MÁIS LUZ

Meniño de máis luz feita morneza,
milagre que alumou a noite escura,
que ese berce onda nós faga que queza

o mundo baixo a túa fermosura;
e que ese pranto teu, que ese sorriso
no que antigas feridas topan cura

sexo a porta do día, que é preciso
espertar cara ó norte doutra xeira,
doutra estrela de soños onde iso

de andar tras dunha luz chege á túa beira,
a ese portal, meniño, que buscamos
bébedos de non ser na noite enteira,

tronzados polas tebras onde andamos
sen sorrisos que veñan da túa rente,
dese berce de luz que procuramos

pra ser de ti e estar sereamente
na pel dalgún pastor que alí chegara.
Daquela somos barro ben presente

feito figura que representara
iso de ser o que aínda chaman pobo,
é dicir, vida na que se afondara

a luz do día feita desafogo
no que volver ó berce mesmo, ó punto
que nos levou a ti para que logo

todo voltase a ser e todo xunto
nos falase de ti coma daquela,
cando fomos pastores neste asunto,

onde vimos a luz e foi por vela
que sentimos cumprida a túa promesa
ó cabo da esperanza e máis da estrela.

Meniño de máis luz e sempre acesa,
o mundo deixa aquí as retesías,
polo Belén mainiño e por esa

estrela á que seguir que nos envías,
que polo ceo escintila e fende
a noite das humanas teimosías,

o aire que se achega e que se acende
de inmensa cativez ventando a vida,
o minúsculo pranto no que prende

a inmensidade mesma presentida
onde fundir milagre e máis memoria
cando se pecha a tebra e a ferida.

Aquí calquer frousada é accesoria,
meniño de máis luz no berce breve.
Aquí se non principia toda a historia,

escomenza este tempo que se atreve
a principiar o mundo nesta aldea,
esa mesma que chea de falsa neve

dá nome a tanto mofo que recrea
aquele Belén nun día luminoso
no que dicir, mentras o berce estea:
Meniño de máis luz: sé sempre noso.



JOSÉ LUIS MARTÍN CEA

José Luís Martín Cea é nado en Valladolid. Ten escritos varios libros de poesía, pero ningún publicado ate o momeno. Colabora con algúns grupos culturais, e os seus versos léronse en diversos puntos da xeografía española.

Ten obtido diversos premios en Certames poéticos e malia ós seus anos -segundo nos dí- está encantado da vida, aínda que esta sexa dura.

LA CARTA IMPOSIBLE

Lema: "Soledad"

(No llegará esta carta
jamás a su destino
porque está escrita al aire,
al agua y al camino,
a la sombra bañada de silencios,
a la vida candente de aquel hijo
que sueña lejanías
de tiempos y distancias infinitos...)
Ya ves: es nochebuena
y en tu vieja mirada me he perdido
mientras retiembla el soplo de ese hueco
en la mesa, en la luz... Un villancico
se nos cuela a través de la ventana:
lo cantan, aquí al lado, unos niños
tan niños como Tú lo fuiste un día,
y tan alegres, y tan cristalinos...

A tu Madre la miro de reojo
y es su pecho un temblor, es un suspiro
que se le queda dentro, junto al alma
callado y detenido,
empapado de llantos invisibles
su mirar apagado y ya cansino,
su vejez prematura,
su silencio de siglos,
de tantos siglos como Tú nos faltas,
de tantas penas y de tanto frío...
Tu sitio permanece
también en esta noche junto al río
y hemos comprado luces de colores,
y el portal y la mula son distintos
porque el año pasado se cayeron

y se hicieron añicos;
y también hemos puesto allá, en lo alto,
un pequeño molino
junto al papel de plata del riachuelo;
y un puente, y unos patos chiquititos...

Nos abrumba tu ausencia nuevamente
por tanta lejanía entristecidos,
por tanta soledad atormentados,
por tanto amor heridos,
y retumba tu voz en el recuerdo
porque el recuerdo sigue estando vivo
igual que Tú lo estás aunque estés lejos,
¡ay, joven Pastorcillo!,
levísima plegaria
que en eterno dolor te has convertido,
casi tan grande como el de María
presintiendo la Cruz para ese Niño
que acaba de nacer de sus entrañas
en un establo, junto a un buey dormido...

No sé por qué -y a punto ya la cena
de la Pascua- te escribo
si no te ha de llegar nunca esta carta
que ojalá se me hiciera villancico
rebosante de luz y de alegría
para poder cantarle, y Tú conmigo,
con la mirada cándida y risueña
de tu Madre soñando un estribillo
de paz y amor, de risas compartidas
Tú aún recién nacido
contándote tu Madre sus temores,
si ella rruiseñor, Tú joven lirio...

(La cena ya está fría
y el corazón cansado y dolorido,
y la lluvia en la calle va tejiendo
un extraño rumor en mis oídos,

y mis ojos se llenan un instante
de un levísimo brillo
que tan solo es reflejo de los charcos
que permanecen quietos en su sitio).

Pienso si allá, en el cielo,
tal vez llorando esté nuestro Dios-Niño
al ver mi pena y mi dolor amargo,
y hacerlo así más leve al compartirlo
y por eso la lluvia en mansedumbre
viene llena de paz, es un alivio.

¿No llegará esta carta
jamás a su destino?

¿Se perderá en el aire de la noche
o con él se vendrá hasta el portalito,
hacia la vida en flor hecha plegaria
y allí Enmanuel le ofrecerá cobijo?

Yo no lo sé. Mas esta nochebuena
tan solo tu recuerdo se ha hecho nido,
la pena se ha adueñado de nosotros
y un silencio profundo, estremecido,
ha abierto al llanto nuestros corazones...
En la calle, aún se oyen villancicos...

sanal para le...
ousas da vida, cheo de a...
universais, cheo de a...
dos dos nosos devance...
n habilidade, inxenio e
a...
arredor é tamén un...
ropicio para que a...
da á ledicia arte...
tiva medre e...
mas...
sua... a...
lúa, a...
parpadexa...
ata o amencer du...
no que se ayiva a ch...
vida e do traballo cotián...
Nunha xuntanza do gre...
os protagonistas do gre...
tecimento, figuran...
ro plano: Os Rei...
arón do Neno Deus...
ría e S. Xosé, e...
7 camellos re...
nde viaxe...
ntas, un...
arm

PRENSA

XXI CERTAME DE XORNALISMO
"BEGONTE E O NADAL"

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte (Lugo), entidade promotora do BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE, co patrocinio da CONSELLERÍA DE CULTURA DA XUNTA DE GALICIA, e co fin de potencia-lo espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o

XXI CERTAME XORNALÍSTICO
"BEGONTE E O NADAL"

de acordo coas seguintes BASES:

A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e -en xeral- ó Nadal en Galicia.

B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos presentados, dotados con:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.- 75.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO.- 25.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.

C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do próximo día seis de xaneiro de mil novecentos noventa e sete, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.

D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan consta-los datos persoais do autor.

BEGONTE, NADAL de 1996

BASES

FALLO DO XURADO DO XXI CERTAME XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL"



O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXI CERTAME XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL", formado por D. ANTONIO CALVO VARELA (Delegado provincial de Cultura), presidente; D^a BLANCA PACÍN SOMOZA; D. MARCIAL GONZÁLEZ VIGO; D. JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN e D. JOSÉ RODRÍGUEZ VARELA, do Centro cultural de Begonte, que actúa como Secretario, examinados os traballos presentados, acorda emitilo seguinte fallo:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 75.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos. Concédese a M^a PILAR CAMPO DOMÍNGUEZ (Marica Campo) polo seu artigo "UNHA CUESTIÓN DE OSÍXENO", publicado no xornal *A Mariña - El Progreso*.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 25.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos, concédese a NICANOR RIELO CARBALLO, polo seu artigo "CAMIÑO DE BEGONTE: EVOCACIÓN DO NADAL NA TERRA CHA", publicado no xornal *EL CORREO GALLEGU*, de Santiago de Compostela.

O SECRETARIO DO XURADO

José Rodríguez Varela

**FALLO
DO
XURADO**



MARÍA PILAR CAMPO RODRÍGUEZ (MARICA)

María Pilar Campo Domínguez, naceu no Val do Mao, nas terras do Incio. É mestra. Reside no Torrillón (Rigueira), do Concello de Xove.

Como poeta, acadou premio nos Certames do Centro cultural de Begonte os anos 1978, 1980, 1981 e 1985; en Vilalba en 1977 e 1979; en Ribadeo en 1982, e en Sarria en 1990. Como narradora, en Sarria, nos certames Meigas e Trasgos, en 1986, 1987, 1988 e 1989. E como autora teatral, no Certame de O Facho, en 1983.

Ten publicado o libro de poemas TRAS AS PORTAS DO ROSTRO, e as obras teatrais O CAZADOR DE ESTRELAS, O PREMEXENTES NON PODE COS PAXAROS REBEZOS e DOUS VELLAS E UNHA SOIA SOIDADE (Con Xosé Manuel Carballo).

*Publicou poesía e narracións en DCRNA, O LI-
BELO, ARTESONADO, ESCRITA, etc.*

*É. autora, asimesmo, de cancións gravadas por
Fuxan os Ventos e Agrupación Juan Vila.*

UNHA CUESTIÓN DE OSÍXENO

VINTEDÚAS

Pido licencia, Señores, como aqueles improvisados coros que percorrian as casas cantando os *reises* e reclamando un aguinaldo. Pido licencia e mais pido desculpas de antemán, porque as miñas palabras han semellar cativas a quen, se cadra por acreditar nelas, visite o belén de Begonte.

Os nosos son días de crispación, de desacougo, de proxectos megalómanos que se nos veñen encima e nos esmagan. Os xornais fornecen o que hai: secuestros, guerras, crimes, catástrofes, violacións dos dereitos humanos e superficialidades varias. Productos, en fin, amasados as máis das veces polo baleiro de valores que nos engole.

Pero, trasunto dos tempos en que naceu Xesús, cando todo o orbe estaba en paz, o belén de Begonte é outra cousa. *Por iso agora falo da harmonía que é unha lavandería a refregar un pano diminuto nun río diminuto dun país diminuto.* E falo de pegureiros liliputianos que apacentan ovelas en campos de veludo. E de leñadores a tronzar toros de árbores como bonsais. E de norias a xirar na súa órbita co rigor dun reloxo. E falo de alfareiros de mans enlamadas que caberían coa súa roda nunha ola. E de casas tan pequenas como as dos contos da nenez. E de Xesús, Xosé e María no portal. Falo de arrecendos e de cores que nos levan, alén deles mesmos, a outros días e a outros afectos que xa non están; pero que aínda son. Falo da inocencia recuperada nun exercicio que iniciara hai centos de anos o pobre de Asís e que quixo emular, hai xa un cuarto de século, un crego con fe nos soños, don Xosé Domínguez Guizán, que

agora andará polos campos do ceo procurando musgos con San Francisco.

E falo dun novo rei Midas, Xosé Varela. Mais, se ao monarca do conto o guiaba a ambición, o anseio de posuír ouro, a este home só o move o desexo de perfeccionar a obra. As mans do rei convertan en ouro canto tocaban e esa foi a súa ruina. Das mans de Varela sae a poesía do cotián, a que arrecende a pan recién feito e ten a claridade da auga limpa, e esa é a súa grandeza.

E falo de todos cantos aportan o seu grao de área para facer ou alentar esta pequena grande obra que fende a árbore do materialismo coma un raio certoiro.

Visitar o belén de Begonte, unha cuestión de osíxeno quizais.



NICANOR RIELO CARBALLO

Nicanor Rielo Carballo naceu en Arcos de Pol (Terra Cha) en 1932. É crego no sur da provincia de Lugo.

Ten publicados numerosos traballos de etnografía e historia, merecendo mención especial o “Refraneiro” e a “Escolma de Carballedo”, a “Guía de San Vicente de Pombeiro” ou o traballo sobre “A Romaxe ndo Faro”.

Foi coautor do “Inventario Histórico Artístico da provincia de Lugo”. Ten publicado un monumental estudio sobre “El libro lucense”.

É membro do Patronato do Museo do Pobo Galego, e do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos.

EVOCACIÓN DO NADAL NA TERRA CHÁ

VINTESEIS

Aló na distancia un fío de brétema cose ó ceo o escuro paraño. Gándaras e outeiros van rompendo mansamente o horizonte. Regueiros infindos alimentan pródigos os salgueirais. Nas campas medra o toxo, e a carqueixa, e o codeso, e a uz. Os camiños e os carreiros semellan levar a xalundes.

Tanxe a campaña da igrexa do lugar. No tourol a ermida invoca ás alturas. As montañas, se as hai, son doutro mundo. Isto é a Terra Chá e os seus lindeiros. Unha longa ermanza ou un belo paraíso.

Na tenue seda do aire debouza a soidade os seus soños. Un sono santo cobre devoto o eirón aldeán.

Son as festas do Nadal. Feiticeiras, íntimas, gozosas. Farturentas saben a mel, a roxón, a chourizo, a requeixo, a biscoito. Outras veces, as menos, devecen polo que non hai. Mirando atrás, óese o seu ecoar enxebre. O que chegou ata nós en humildes e vehementes panxoliñas, a obra poética por excelencia da nosa xente. Porque nelas depositaban a súa fe, a súa pobreza, o seu fervor lúdico. Nas súas estrofas deixaban o mellor que tiñan: os sentimentos máis profundos: “Na dureza do inverno / aleda o seu cantar”.

Co alcanñar dos anos e das estacións, andacio que non ten menciñoiro, calaron contos e romances, actuáronse no tobo do irrecuperable. Non houbo escriba que os anotase. Non existiu unha literatura que os acubillase co seu lentor e prestixio. Algo foi quedando aquí e acolá, espare-

xido, para deleite de investigadores. Bastante máis fortuna tivo a cantiga popular, aínda en proceso de recuperación. E nun dos seus eixes, o ciclo natalicio, enriquecido por persoas eruditas, que en igrexas e catedrais puxeron música e letra. Presurosa, a escola lírica mindoniense estendeu as súas ás traspasando as portas, sempre franqueadas, da Terra Chá: “Meu carabeliño, ansias, ¡cantas! / Por ti se pasan nestas comarcas”.

Non é doado buscar panxoliñas populares con partida de nacemento. Os labres e o uso fanas universais. Basta con oílas para saber que o son, pero non de qué sitio. Sen embargo, nelas atópase un xeito peculiar, o que lles imprimiu o autor ou o trobeiro. Nos Vilares de Parga, hai xa anos, cantaban esta toada: “Imos entrando / neste alpendriño; / nel acharemos / un Deus meniño”.

Severo e asceta, resistente e xeneroso, ledocando cómpre, é o home, ou a muller, que na Terra Chá nace, habita ou fenece. Igual que en tantas outras partes, soubo especialmente de estreitezas, de traballos e de loitas. Os ventos do norte cortan ríspidos e féridos a inmensa valgada. Cos suas trabusos os amos, a moitos só os deixaban vivir en casoupas de colmo. Eran os camareiros os máis espidos. Un pendello, unhas cabras e algunhas pitas. E na quenlla o murmurio do “sapo rezador”. Non é pois estraño que comprendesen as limitacións e os apuros de Belén. E que deste xeito o expresen nos sus cantos. Como este que fala de nubeiros mouros e xistrais: “Cala, meu meniño, / para de chorar, / que choren as nubes / de mouras que están”.

Do pazo vilego á cabana do pastor, pegureiro para os máis anciáns, corre a gaita e o pandeiro. Toca as castañolas Bastián. Foliada ruidosa no adro da igrexa. Un foguete de Xerbolés xoga coas estrelas. Hai ledicia e hai cantar. Que se verte e pinta de ilusións a fantasía dos máis rapaces. Ninguén quere ir ó leito. Son os do mesmo rueiro, máis os homes que as mulleres. Flota o espírito, manda o Infante, impón respecto Xosé, namora co seu xeito María. Os caraveis son a flor preferida. Así cantan nas Teixueiras, na vereca de Castro de Rei: “Báixate, loureiro, / de rama florida / e faraslle sombra / á Santa María”.

A Noiteboa pide a cea ben surtida. Os máis humildes cómena enriba da artesa, só ó lampo dos Couces e dos guizos. Na banca acomódanse os vedrairos, nos tallos os pícaros. En cociñas de máis grandor hai mesa de levante e candil de gas. Ferve o pote na gramalleira ó tizar un fuste máis. Os manxares: caldo fresco, cachelos con nabizas, lacón cocido, filloas con mel e castañas maias. Outras mesas están máis abastadas: bacallao, queixo de San Simón, orellas de frade, turrón e figos pasos. O motivo non era para menos, segundo un vilancico de Sistallo: “Á feira do Monte / a nova chegou / de ter sido nado / Xesús Noso Señor”.


Para os rapaces a noite de máis troula é a do anigaldo. Esperan que chegue o cinco de xaneiro. Arredor das esmolas dos Santos Reis faise a festa maior. Os vilancicos continúan con máis empuxe que na noite de Nadal ou que na xornada de “ábrete xaneiro”. A Misa grande acaba co bico do

nenos. Días son de alborada, arrequecidos por outras celebracións fogareñas. O san Manuel é un santo de moita sona, e o de Xesús igual, anque non sexa día festivo. Sobe á lumieira a triste canción dos Inocentes. Canta-los Reis é o acto máis puro, por musical e literario, por material e realista. Eis un exemplo do Concello de Pol: “Érgase, Manuela, da súa cadeira, veña o anigaldo, que lle temos présa”.

Misterio de puro candor para almas sinxelas. Pleno recordatorio de tempos idos, que non se van de todo, que buscan outros vieiros. Palabras tan suxestivas que son de por si soas un poema: nadal, anigaldo, reis, panxoliña, carrapuchiño... Todo un cantigueiro que por veces se esconde no colo agarimoso da memoria. Canto tiveron que ver no proceso vates, fístores, cegos, gaiteiros e... cregos. Os seus poetas, os da Terra Chá Luguesa, abundantes e vizosos como as chorimas, abriron o seu ronsel ó ensalmo de festas tan entrañables. Son os seus uns sacros cantares, que reflecten o fondón máis espiritual dunha terra que ten nome propio por posuír personalidade de seu.

Hoxe, o espacio chairego pódese gabar de ter uns colectivos e uns proxectos, realidades xa, que tentan conservar, crear e difundir esta riqueza. Entre eles está, como paradigma, o Belén de Begonte, con rechouchíos de ledicia polas súas vodas de prata. Vintecinco anos leva –parece que foi onte– abrindo as súas portas ó Nadal. Despechándollelas ós fregueses, ós amigos, ós comarcanos, a cantos circulan pola estrada, ós de aquí ou alén Galicia. Activando sobre todo o seu Be-

lén, a través de concursos e concertos, en xogos florais, que non porque o nome se perda o espírito vai cambiar. Tódolos anos os medios de comunicación, seguindo a innúmeros peregrinos, chegan a este curruncho, mensaxeiros dun excelsis festivo. E este ano con máis razón.



DIRECCIÓN XERAL DE
POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO CULTURAL «JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN»
DE BEGONTE (LUGO) – DEC. 1996 - XANEIRO 1997